



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|------------------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2019/20 |
| Asignatura (*) | Linguaxe. Discurso e Comunicación | Código | 613G03034 | |
| Titulación | Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuatrimestre | Terceiro | Optativa | 4.5 |
| Idioma | CastelánGalegoInglésPortugués | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Letras | | | |
| Coordinación | Alvarez Caccamo, Celso María | Correo electrónico | celso.alvarez.caccamo@udc.es | |
| Profesorado | Alvarez Caccamo, Celso María | Correo electrónico | celso.alvarez.caccamo@udc.es | |
| Web | https://moodle.udc.es/course/view.php?id=28964 | | | |
| Descrición xeral | Introdución ao estudo da comunicación humana por meio das linguas nos seus aspectos cognitivo, pragmático e discursivo, e como práctica interaccional e social. | | | |
| Plan de continxencia | | | | |

| Competencias do título | |
|------------------------|---|
| Código | Competencias do título |
| A1 | Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria. |
| A2 | Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual. |
| A3 | Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria. |
| A11 | Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada. |
| A14 | Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos. |
| A15 | Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica. |
| B1 | Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información. |
| B2 | Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas. |
| B3 | Adquirir capacidade de autoformación. |
| B4 | Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno. |
| B5 | Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas. |
| B6 | Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva. |
| B7 | Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico. |
| B8 | Apreciar a diversidade. |
| B9 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|--|------------------------|----------------------|
| Resultados de aprendizaxe | | Competencias do título | |
| Comprender a comunicación a meio da linguaxe como capacidade e práctica humana e social, tanto no común como na sua diversidade. | | A1 A11 | B8 C6 |
| Familiarizarse coas principais nocións sobre fenómenos da comunicación e do discurso. | | A1 A3 | B1 B5 B8 B9 |



| | | | |
|---|------------------|----------------------------|--|
| Familiarizarse cos métodos e técnicas de recollida, descrición e interpretación de datos da comunicación e do discurso. | A2 A14 A15 | B1 B2 B3 B4 B7 | |
| Utilizar recursos bibliográficos, bases de datos e ferramentas de busca de materiais sobre o discurso oral. | | B1 B6 | |

| Contidos | |
|--|---|
| Temas | Subtemas |
| Introdución. A capacidade humana da linguaxe e a comunicación. | Algunhas propiedades da linguaxe. Retroalimentación, reflexividade, prevaricación, deslocamento... Os canais da comunicación humana: a multimodalidade. |
| Comunicación, información e significación. | Modelos da comunicación. Intención, interpretación e contexto. O deseño deíctico das linguas naturais. A deixis e os seus tipos. A contextualización. Indicios de contextualización. |
| A interacción. | Conversa, texto, discurso. A interacción como práctica social. As metas comunicativas. Normas, regras e expectativas. A competencia comunicativa. O repertorio comunicativo. A estrutura da conversa cotiá. |
| A distancia social. | Participantes e papeis comunicativos. As identidades sociais. A imaxe e as formas da cortesía verbal. |
| Dicir e querer dicir. | Significado literal e significados indirectos. Oración e proposición. A cooperación conversacional e as implicaturas. A inferencia. A relevancia. Recursos estilísticos. |
| Facer cousas con palabras. | Os actos de fala. Tipos de actos ilocucionarios. Os actos de fala indirectos. A convencionalización da indirección. |
| Xéneros e tipos de discurso. | A caracterización dos xéneros. Formalidade e informalidade. Discurso espontáneo e planificado. Aplicacións do estudo da comunicación. |

| Planificación | | | | |
|------------------------|--|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Obradoiro | A1 A2 A3 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C6 | 14 | 34 | 48 |
| Lecturas | A1 A3 B1 | 0 | 25 | 25 |
| Proba mixta | A1 A3 B1 C6 | 2.5 | 20 | 22.5 |
| Sesión maxistral | A1 A3 B3 C6 | 15 | 0 | 15 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|--------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Obradoiro | Por "obradoiro" enténdese a sesión interactiva fundamentalmente participativa. Pode incluír discusión aberta ou dirixida das lecturas, traballo en grupo, debate e posta en común, resolución de problemas ou preguntas, pesquisa de material, etc. Pode incluír diversas actividades e tarefas avaliábeis, algunha(s) das cais poden requirir a guía do profesor. Estas actividades realizaránse fundamentalmente fora das horas presenciais, mais non se exclúe que se poda dedicar tempo das sesións interactivas para traballar nelas, individual ou colectivamente. |



| | |
|------------------|--|
| Lecturas | Lectura e estudo obrigatorio de materiais específicos (artigos ou capítulos de libros) disponibilizado polo profesor. As lecturas deberán facerse, como será indicado, antes da sesión na cal se tratarán os seus contéudos. Os contéudos das lecturas entrarán nas sesións expositivas e, sobre todo, nas interactivas, onde o estudantado deberá de mostrar o traballo feito sobre elas e buscar aclaración dos aspectos dúbidosos ou non comprendidos. Na base dalgunha das leituras deberá realizarse un informe detallado avaliábel, segundo un formato indicado polo profesor (guión, resumo, puntos destacábeis, etc.). |
| Proba mixta | Proba teórico-práctica sobre todo o material do curso, incluíndo lecturas, sesións expositivas e interactivas, materiais audiovisuais utilizados, debates xerais, posíbeis presentacións, etc. |
| Sesión maxistral | Por "sesión maxistral" enténdese a sesión de exposición polo profesor dos principais contéudos de cada tema ou apartado. As sesións expositivas non deben ser vistas como substitución do traballo autónomo de lectura e aprendizaxe que debe facer o estudantado. As sesións de exposición inclúen amplo espazo para a formulación de preguntas ou cuestións específicas polo estudantado. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------------------------|--|
| Proba mixta Obradoiro Lecturas | A atención individualizada inclúe a consulta personalizada sobre calquer aspecto ou contéudo do curso. |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias | Descrición | Cualificación |
|------------------|--|--|---------------|
| Sesión maxistral | A1 A3 B3 C6 | Reférese ao cómputo da asistencia obrigatoria ás sesións xerais de exposición. | 10 |
| Proba mixta | A1 A3 B1 C6 | Reférese á nota obtida na proba final obrigatoria. | 40 |
| Obradoiro | A1 A2 A3 A11 A14 A15 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 C6 | Reférese á realización das tarefas descritas na metodoloxía correspondente (Obradoiro). Inclúe o cómputo da asistencia obrigatoria ás sesións interactivas onde se poñen en común estas tarefas, e á participación activa nelas. | 30 |
| Lecturas | A1 A3 B1 | Reférese ao seguimento do traballo de lectura, como se mostra nas actividades interactivas das aulas. Poderá incluír a elaboración dun informe detallado dunha lectura asignada. A actividade deberá ser entregada obrigatoriedade tamén en formato electrónico. | 20 |

Observacións avaliación



- 1) A asistencia ás sesións presenciais de calquer tipo é obrigatoria e avaliábel.
- 2) A participación activa compútase dentro do apartado do Obradoiro.
- 3) Haberá dúas oportunidades de avaliación. Na primeira oportunidade, as actividades entregadas fora de prazo poderán non ser aceptadas (isto é, avaliábeis con 0), e entrarán, no seu caso, no cómputo da segunda oportunidade.
- 4) Para o cálculo da nota final (e portanto para o curso poder ser completado e superado), a/o estudante deberá obter polo menos unha nota de 4 na Proba final.
- 5) Para ter superada a materia (en primeira ou segunda oportunidade) deberá obterse unha nota de 5 globalmente (unha vez cumprido o requerimento do 4 na Proba). Caso de non obter o mínimo de 4 na Proba, mais a media aritmética superar o 4,5, nas Actas consignarase 4,5, Suspenso. Isto non significa que a materia está "case aprobada", mais é só indicativo da necesidade de recuperar o exame e/ou as actividades que se indicaren.
- 6) Na segunda oportunidade de xullo, no período establecido pola UDC, poderá recuperarse o exame (non efectuado, ou suspenso) e/ou o capítulo das actividades (apartado Obradoiro, e/ou actividades referidas a Lecturas). O profesorado indicará no seu momento as actividades substitutivas de recuperación que deberán ser realizadas.
- 7) Dado o carácter mixto e comprensivo da avaliación (asistencia, actividades e proba final), considerarase "Non presentado": a) non asistir á proba final en nengunha das oportunidades; e, simultaneamente, b) non ter entregado actividades por polo menos a metade da percentaxe asignada ao apartado de actividades (Obradoiro e Lecturas). En sentido contrario, a entrega de actividades avaliábeis cuxo peso supere a metade da percentaxe do apartado (por exemplo, 2 actividades sobre 3) determinará automaticamente a asignación dunha nota final, a pesar da inasistencia á(s) proba(s).
- 8) O alumnado matriculado a tempo parcial e con dispensa académica deberá porse en contacto co profesor durante as dúas primeiras semanas do curso. A distribución porcentual dos apartados excluindo a asistencia será axustada da seguinte maneira: Obradoiro, 25%; Lecturas, 25%; Proba mixta, 50%.
- 9) Para a convocatoria adiantada de decembro rexerán os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo, excepto no correspondente aos apartados onde a asistencia é fundamental (Obradoiro e Sesión maxistral), que non serán considerados. A distribución porcentual dos restantes apartados será axustada da seguinte maneira: Obradoiro, 25%; Lecturas, 25%; Proba mixta, 50%.
- 10) O plaxio, copia ou calquer outra práctica fraudulenta na elaboración dunha actividade ou tarefa, ou na realización da Proba mixta, acarretará automaticamente un cero (0) nese apartado (Obradoiro, ou Proba mixta), alén de estar suxeito a sanción disciplinar por parte da Universidade, incluíndo a posibilidade da expulsión da mesma.



| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | <ul style="list-style-type: none"> - Austin, John (1971). <i>Cómo hacer cosas con palabras. Palabras y acciones</i>. Buenos Aires: Paidós - Brown, Gillian, e Yule, George (1993). <i>Análisis del discurso</i>. Madrid: Visor - Brown, Roger, e Gilman, Albert (1995 [1960]). <i>“Els tractaments a Europa”</i>. Em Amadeu Viana, ed. <i>Aspectes del pensament sociolingüístic europeu</i>, pp. 351-363. Barcelona: Barcanova - Brown, Roger, e Gilman, Albert (1960). <i>“The pronouns of power and solidarity”</i>. Em: T. Sebeok, ed. <i>Style in language</i>, pp. 253-276. Cambridge, Mass.: MIT Press - Calsamiglia Blancafort, Helena, e Tusón Valls, Amparo (1999). <i>Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso</i>. Barcelona: Ariel - Cialdini, Robert B. (2001). <i>“Psicología de la persuasión”</i>. <i>Investigación y Ciencia</i> 295, pp. 66-71. - Dessalles, Jean-Louis (2001). <i>“El origen político del lenguaje”</i>. <i>Mundo Científico</i> 224, pp. 35-39. - Escandell Vidal, M^a Victoria (2006 [1996]). <i>Introducción a la Pragmática</i>. Barcelona: Ariel. 2^a ed. - Escandell Vidal, M^a Victoria (2005). <i>La comunicación</i>. Madrid: Gredos - Hockett, Charles F. (1971 [1958]). <i>“Las propiedades generales del lenguaje”</i>. Em: <i>Curso de lingüística moderna</i>, pp. 551-566. Buenos Aires: Editorial Universitaria de Buenos Aires - Koch, Ingedore G. Villaça (1997). <i>A inter-ação pela linguagem</i>. São Paulo: Editora Contexto - Levinson, Stephen (1989). <i>Pragmática</i>. Madrid: Teide - Mey, Jacob (2001). <i>Pragmatics: An introduction</i>. Oxford: Blackwell. 2^a ed. - Moreno Cabrera, Juan Carlos (1987). <i>“La deixis”</i>. Em: <i>Fundamentos de sintaxis general</i>, pp. 65-77. Madrid: Síntesis - Ochs, Elinor (1998 [1979]). <i>“La universalidad de los postulados conversacionales”</i>. Em: M. T. Julio e R. Muñoz, eds. <i>Textos clásicos de Pragmática</i>, pp. 125-144. Madrid: Arco Libros - Reyes, Graciela (2002). <i>El abecé de la pragmática</i>. Madrid: Arco Libros - Reyes, Graciela (1990). <i>La Pragmática lingüística: El estudio del uso del lenguaje</i>. Barcelona: Montesinos - Stubbs, Michael (1983). <i>Análisis del discurso</i>. Madrid: Alianza - Tusón Valls, Amparo (1997). <i>Análisis de la conversación</i>. Barcelona: Ariel - Verschueren, Jeff (2002). <i>Para entender la Pragmática</i>. Madrid: Gredos <p>Durante o curso irá indicándose a listaxe de lecturas obrigatorias, extraídas destes manuais e/ou outras fontes.</p> |
| Bibliografía complementaria | <ul style="list-style-type: none"> - Goffman, Erving (1967). <i>“On face-work”</i>. Em: <i>Interaction ritual: Essays on face-to-face behavior</i>, pp. 5-45. New York: Anchor Books - Grice, H. P. (1991). <i>“Lógica y conversación”</i>. Em: L. M. Valdés Villanueva, ed. <i>La búsqueda del significado</i>, pp. 511-530. Madrid: Tecnos - Gumperz, John J. (1982). <i>Discourse Strategies</i>. Cambridge: Cambridge University Press - Günthner, Susanne, e Knoblauch, Hubert (1995). <i>“Culturally patterned speaking practices: The analysis of communicative genres”</i>. <i>Pragmatics</i> 5(1), pp. 1-32. - Hurford, James, e Heasley, Brendan (1983). <i>“Oraciones, enunciados y proposiciones”</i>. Em: <i>Curso de Semántica</i>, pp. 26-34. Madrid: Visor - Tannen, Deborah (1982). <i>“The oral/literate continuum in discourse”</i>. Em: Deborah Tannen, ed. <i>Spoken and written language: Exploring orality and literacy</i>, pp. 1-16. Norwood, NJ: Ablex <p> </p> |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingüística Xeral/613G03004

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Lingua Galega e Usos/613G03045

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías